



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

##### Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 16 de xaneiro de 2024, sobre nomeamento de persoal eventual, que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobose o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do R.D. 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista dos informes e da proposta que constan no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, resolva:

1º.- Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 16 de xaneiro de 2024, a:

Dona Darya Fernández Gómez como Asesora Nivel III, adscrita ao Grupo Provincial Socialista.

2º.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten as súas funcións de confianza ou asesoramento.

3º.- O presente nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do estipulado no artigo 104.3 da LRBRL.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, dezasete de xaneiro de dous mil vinte e catro.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0170

### CONCELLOS

#### CERVANTES

##### Anuncio

**CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO** De conformidade co acordo adoptado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 10 de novembro de 2023, faise pública a convocatoria para a elección de Xuíz de Paz substituto do Concello de Cervantes que será elixido polo Pleno do Concello.

##### Requisitos dos aspirantes:

Ser español, maior de idade e aínda non sendo licenciados en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial e non estean incurso en ningunha das causas

de incapacidade ou incompatibilidades previstas no desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

**Prazo e lugar para a presentación de solicitudes:**

Quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou por calquera dos medios a que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

**Documentación que deben presentar os interesados coa solicitude:**

- Certificación de nacemento ou copia autenticada do DNI.
- Certificado médico acreditativo de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio das funcións propias do cargo.
- Certificado expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, de 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a “se se atopa inculcado ou procesado.”
- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Cervantes, 17 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0161

---

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

**CORRECCIÓN DE ERRO NO ANUNCIO PUBLICADO NO BOP NÚMERO 17 DO SABADO, 20 DE XANEIRO DE 2024.**

POSTO DE TRABALLO : 1 PEON DE SERVIZOS MULTIPLES

Onde di “No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro”

Debería dicir “**No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Castroverde**”

O prazo de presentación de solicitudes seguirá contando dende a data de publicación do anuncio do sábado 20 de xaneiro de 2024.

Castroverde, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández

R. 0189

---

## FRIOL

### *Anuncio*

**APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE DECEMBRO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de xaneiro de 2024, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de DECEMBRO de 2023 por un importe total de 6.171,42 €uros.

Segundo disposto no artigo 102.3 da Leixeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñendo dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Leixeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderán interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición.No entanto, poderáninterpoñercalqueraoutro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndollesadebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 18 de Decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0162

---

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. DECEMBRO 2023**

##### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 12 de xaneiro de 2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Decembro de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil novecentos doce euros con sesenta e catro céntimos de euro (3.912,64€) , tres mil catrocentos oitenta e oito euros con oitenta e nove céntimos de euro (3.488,89€) correspondente a dependencia , e catro centos vinte e tres euros con setenta e cinco céntimos de euro (423,75€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

##### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 12 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa – Presidente, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 0163

---

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 17/01/2024 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao cuarto trimestre do 2023, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 ao 2 de febreiro do 2023.

Lourenzá, 18 de xaneiro do 2023.- A ALALDESA, Rocío López García.

R. 0164

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

#### **D. José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei**

#### **O Pleno do Concello de Outeiro de Rei acordou en sesión de 22 de xuño de 2023 o seguinte:**

**Primeiro:** Establecer as sesións ordinarias do Pleno do Concello de Outeiro de Rei o derradeiro xoves de cada mes par ás doce horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior. Asemade a sesión correspondente ao mes de agosto se celebrará no mes de setembro.

**Segundo:** Acordar a creación e composición da Comisión Especial de Contas (coas atribucións que lle son atribuídas por norma con rango de lei) e a Comisión de Asuntos do Pleno (exame, estudo e proposta de todos os expedientes que vaian a ser sometidos ao Pleno e cuxa competencia non sexa da Comisión Especial de Contas) en función da representación que cada grupo ten no Pleno:

Presidente: o alcalde da Corporación

Vogais:

PP: 4 concelleiros/as

BNG: 1 concelleiro/a

PSOE: 1 concelleiro/a

**Terceiro:** - Representantes nos órganos Colexiados:

Mancomunidade de municipios da Terra Chá: José Pardo Lombao e Begoña Seco Varela.

Consello escolar: José Pardo Lombao.

Asociación Desenvolvemento Rural ADR Comarca de Lugo: José Pardo Lombao.

**Cuarto:** Determinar cargos electos con dedicacións parciais a:

a) Asignar unha dedicación parcial ao 60% de xornada á Concellería Delegada de Mantemento de Vías Públicas, cunha retribución bruta anual de 27.000€ distribuídos en 14 pagas.

b) Asignar unha dedicación parcial ao 45% de xornada á Concellería Delegada de Deportes, cunha retribución anual de 23.000€ distribuídos en 14 pagas.

**Quinto:** Determinar a creación de un posto de persoal eventual (art. 104. LBRL), cunha retribución bruta anual de 30.000 euros distribuídos en 14 pagas.

**Sexto:** Establecer unha indemnización por asistencia a órganos Colexiados de 130 euros/sesión e as seguintes dietas:

-Dieta completa (pernoctando fora do domicilio): 150,00 euros.

-Media dieta (xestións fora do municipio): 100,00 euros, salvo para os concelleiros que ostenten dedicación parcial ou exclusiva, que será de 50 euros.

-Kilometraxe oficial: 0,30 euros / Km.

Sétimo: Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenas:

- A concertación das operacións de crédito e tesourería.

- As contratacións e concesións de toda clase de competencia plenaria.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión.

- As enaxenacións patrimoniais cando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e as las permutas de bens inmobles.

- A aprobación e modificación de prezos públicos.

- O exercizo das competencias plenas en materia de expropiación forzosa.

- O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

- O recoñecemento extraxudicial de créditos.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

**Sétimo:** Establecer unha asignación económica aos grupos políticos municipais consistente nunha cantidade fixa de 2000 euros/ano, e outra variable, de 1600 euros/ano por cada concelleiro integrante do grupo político, supeditado á existencia de consignación orzamentaria.

- En data 28 de decembro de 2023 os membros do Pleno da Corporación do Concello de Outeiro de Rei ampliaron o acordo relativo ás dedicacións parciais, ( punto cuarto do anuncio anterior) que queda así:

a)Asignar unha dedicación parcial ao 60% de xornada á Concellería Delegada de Mantenemento de Vías Públicas, cunha retribución brutal anual de 27.000€ distribuidos en 14 pagas.

b)Asignar unha dedicación parcial ao 45% de xornada á Concellería Delegada de Deportes, cunha retribución anual de 23.000€ distribuidos en 14 pagas.

As retribucións anteriores variarán segundo establezan as leis dos Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma no que se fixen os límites retributivos cando aproben incrementos das retribuciones del personal al servicio del sector público

Outeiro de Rei, 17 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0165

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023**

POSTO DE TRABALLO: 1 TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 15 DE XANEIRO DE 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0166

---

### *Anuncio*

O Pleno da corporación municipal en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de xaneiro de 2024 acordou aprobar inicialmente o expediente de desafectación de un local do CPI Uxio Novoneira. De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais do concello, e formular as alegacións, observacións e suxerencias que se estimen pertinentes.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de de xaneiro de 2024.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R.0190

## A PONTENOVA

### Anuncio

#### LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE DECEMBRO 2023.

Por Resolución de alcaldía do 18 de xaneiro de 2024, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 12 de febreiro de 2024 ao 12 de abril 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 12 de febreiro de 2024 ao 12 de abril de 2024**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-311000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 18 de xaneiro de dous mil vinte e catro.

A Pontenova, 18 de xaneiro de 2024.-O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0167

## O SAVIÑAO

### Anuncio

#### DELEGACION DE COMPETENCIA PARA CELEBRACION MATRIMONIO CIVIL (Expte. 24/2024).

Pola Alcaldía do Concello de O Saviñao, en data 15 de xaneiro de 2024, ditouse o Decreto 2024-0003, que di:

Facendo uso das facultades e competencias que para a organización da Corporación me atribúe o artigo 21 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 41, 43.3 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro), os artigos 51 e 62 do Código Civil e o establecido no apartado cuarto da Instrución de 26 de xaneiro de 1995, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre Directrices sobre a autorización do matrimonio civil polos Alcaldes.

Visto o informe de Secretaría de data 15/01/2024.

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Delegar a competencia de autorización de matrimonio civil para a celebración do matrimonio entre Ricardo López Gómez, con DNI \*\*\*2992\*\*, e Yaiza López López, con DNI \*\*\*7471\*\*, que terá lugar o día 24 de febreiro de 2024 ás 12:00 horas en Adegas Algueiras, Doade - Sober, en D. Javier Gallardo Fernández, Concelleiro deste Concello.

**SEGUNDO.** Notifíquese persoalmente a presente resolución ao designado.

A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula, ante esta Alcaldía, expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**TERCEIRO.** Dar conta ao Pleno do Concello do presente Decreto na primeira sesión que se celebre.

**CUARTO.** Publicar no BOP de Lugo, aos efectos oportunos.

---

O Saviñao, 17 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0168

---

## NOTARÍA

### *Anuncio*

ANA MARÍA LOSADA FERNÁNDEZ, Notario del Ilustre Colegio Notarial de Galicia, con residencia en el término de Castro de Rei (Avenida Terra Cha, nº 50, entlo B , Castro Riberas de Lea)

Hago costar:

Que en esta Notaría se ha llevado a cabo la protocolización de las operaciones particionales de la herencia de Doña María Lidia Huerta López y Don Sinesio López Flores, lo que, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 297 y 307 de la Ley de Derecho Civil de Galicia, se pone en conocimiento de Don Antonio López Huerta, por ignorarse su domicilio actual, para que este tenga conocimiento del procedimiento.

Castro de Rei, dieciséis de Enero de dos mil veinticuatro.

R. 0169

---